

FIANZA OU SEGURO EQUIVALENTE (artigo 6 do Regulamento CE nº 1013)

1. Ten por finalidade cubrir os custos ocasionados no caso de que:
 - a) o traslado, a valorización ou a eliminación non poidan levarse a cabo de acordo co previsto
 - b) o traslado, a valorización ou a eliminación sexan ilícitos
2. Debe cubrir:
 - a) os custos de transporte
 - b) os custos de valorización ou eliminación, con inclusión de toda operación intermedia necesaria
 - c) os custos de almacenamento durante 90 días
3. O formulario, a redación e a contía da cobertura deberán ser aprobados pola autoridade competente de expedición.
4. A contía calcularase mediante a fórmula:

Real Decreto 208/2022, de 22 de marzo, sobre las garantías financieras en materia de residuos.

(BOE Núm. 78 Viernes 1 de abril de 2022 – Entrada en vigor: 2 de abril de 2022)

ANEXO IV

Criterios para determinar o importe da fianza e da suma asegurada no seguro de responsabilidade civil.

1. Importe da fianza a constituir polos suxeitos obrigados, para responder ante a administración do cumprimento das responsabilidades e obrigas que lles corresponden.

O importe da fianza a constituir polos suxeitos que estean obrigados a elo, en virtude do disposto no artigo 2, determinarase de acordo cos seguintes criterios:

- 1.5. Traslados transfronteirizos de residuos. A contía da fianza determinarase segundo a seguinte fórmula:

$$\text{Importe da fianza (€)} = 1,2 \times Q \times [\text{Ct} + \text{Cev} + (\text{Ca} \times 90)]$$

Sendo:

Q: cantidade máxima (en toneladas) de residuos en circulación simultaneamente (incluíndo desde o momento en que saen os residuos do punto de orixe, ata que se emite o certificado de valorización)

Ct: custo do transporte por tonelada (€/t)

Cev: custo da eliminación ou da valoración (€/t)

Ca: custo da almacenaxe por día (€/t), para 90 días

DEVOLUCIÓN (artigo 6 do Regulamento CE nº 1013)

5. Liberarase cando a autoridade competente reciba o certificado de eliminación ou valorización definitivo emitido pola instalación de destino (quen deberá remitilo no prazo máximo de 30 días desde a finalización da operación ou no prazo máximo de 1 ano desde a recepción dos residuos).